



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

Expediente Subtel: 2025000017481

Referencia: PREM-CD / 2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONCEDEN TRES PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2025

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da proposta do tribunal nomeado por resolución número 27607, de 5 de xuño de 2025, para a concesión de *Tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña no ano 2025*, de conformidade coas bases da convocatoria publicadas no BOP número 80 de 29 de abril de 2025

RESOLVO:

1. Conceder tres premios á excelencia na danza clásica, polos importes que se indican ás persoas seguintes:

Núm. Expediente	Solicitante	NIF	Importe
2025000035238	Lado Domínguez, Carmen	***7226**	500,00 €
2025000035239	Louzao Vilches, Rocío	***2313**	500,00 €
2025000035240	Suárez Ouro, Lino	***0780**	500,00 €
Total			1.500,00 €

2. Dispor o gasto dos premios concedidos, por importe total de 1.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0650/3261/481, fase A, operación número 220250023501, do vixente orzamento.

3. Aboar os premios nun único prazo, previa retención de 75,00 € (15% s/500,00€), en concepto de IRPF “Premios” para o seu ingreso no CNP 20007, clave F, subclave 01.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.